



CONCELLO DE CUNTIS
REGISTRO ENTRADA
2018-E-RC-2745
03/07/2018 11:05



Concello de Cuntis
Praza da Constitución
36670 CUNTIS

n/ref.: MJEM/exp. 1490/2017

RESOLUCIÓN DE DESISTIMENTO.

Visto o estado do procedemento administrativo relativo ao expediente referido no encabezamento, tramitado a instancia dese concello, para autorización de obras de mellora da escola de Mesego, no entorno da capela de Santa Apolonia, concello de Cuntis e, tendo en consideración os seguintes:

ANTEDECENTES DE FEITO

O 27/10/2017, ten entrada nesta Xefatura Territorial a solicitude de informe remitida por ese concello o 25/10/2017.

Por oficio desta Xefatura Territorial, de data 27/12/2017, requiriúuselle para que remitira a documentación que nel se sinalaba e que era substancial e determinante para a resolución do expediente e advertíuselle expresamente que, transcorridos o prazo concedido sen que o mesmo fose atendido, se lle tería por desistido da súa solicitude.

Ten transcorrido o prazo sinalado sen que o requerimento efectuado fose atendido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Conforme co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, transcorrido o prazo sinalado de dez días para completar a solicitude coa documentación requirida sen que o mesmo fose atendido, terase por desistido da solicitude formulada, mediante resolución nos termos do art. 21 do mesmo corpo legal.
2. As normas que rexen os prazos do procedemento administrativo son de orde público e obrigan as autoridades e os administrados conforme sinala o artigo 29 da Lei 39/2015, O desistimento da solicitude, por aplicación do principio de seguridade xurídica e para evitar a súa pendencia indefinida ao encontrarse paralizado por causas imputables ao interesado, prodúcese de xeito automático conforme sinala o artigo 68.1 xa citado e así debe ser declarada pola administración actuante.



3. De conformidade co disposto no artigo 21.1 parágrafo segundo da lei 39/2015 a presente resolución contén os elementos definidores da concorrencia dos elementos da producción do desistimento da solicitude, de conformidade con art. 68.1.
4. Este órgano administrativo é competente para a adopción da presente resolución, conforme co establecido no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, (DOG núm. 13, do 18 de xaneiro) así como pola resolución do 19 de marzo de 2018, pola que se delega na persoa titular do servizo de Coordinación da ÁREA Cultural da xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 59 do 23 de marzo).

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e concordante aplicación,

RESOLVO

Ter por desistido o Concello de Cuntis da solicitude de autorización do expediente referido no encabezamento ordenando o arquivo das actuacións sen máis trámites.

Notifícase esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, facéndolle saber que contra a mesma, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Orientación Universitaria no pazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 121 e 122 da citada Lei 39/2015.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.D.: resolución do 19.03.2018

A xefa do servizo de Coordinación da ÁREA Cultural

M^a José Echevarría Moreno

